

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA

CURSO: 1º ESO

MATERIA: EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL

DEPARTAMENTO: DEBUXO

DATA: 11/05/2020

## **ÍNDICE**

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Identif. criterios	Identif. estándar	Comp. Clave	Estándares de aprendizaxe
B1.1.	EPVAB1.1.1.	CCEC	Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.
B1.2.	EPVAB1.2.2.	CSIEE	Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.
B1.2.	EPVAB1.2.3.	CCEC	Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.
B1.3.	EPVAB1.3.1.	CCL	Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).
B1.7.	EPVAB1.7.1.	CCL	Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas cofecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.
B1.7.	EPVAB1.7.2.	CSC	Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.
B1.7.	EPVAB1.7.3.	CCEC	Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.
B1.7.	EPVAB1.7.5.	CSC	Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.
B1.7.	EPVAB1.7.6.	CSC	Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.
B2.1	EPVAB2.1.1.	CCL	Diferencia imaxes figurativas de abstractas.
B2.1	EPVAB2.1.2.	CCL	Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.
B2.1	EPVAB2.1.3	CD	Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.
B2.2.	EPVAB2.2.1.	CCL	Distingue símbolos de iconas.
B2.2.	EPVAB2.2.2.	CD	Deseña símbolos e iconas.
B2.3.	EPVAB2.3.1.	CCL	Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.
B2.4.	EPVAB2.4.1.	CSC	Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual.
B2.5.	EPVAB2.5.1.	CCL	Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual.
B2.5.	EPVAB2.5.2	CD	Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais.
B3.1.	EPVAB3.1.1.	CAA	Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma.
B3.2.	EPVAB3.2.1.	CMCCT	Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.
B3.3.	EPVAB3.3.1.	CD	Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.

B3.4.	EPVAB3.4.1.	CMCCT	Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.
B3.5.	EPVAB3.5.1.	CSIEE	Identifica os ángulos de 30°, 45°, 60° e 90° na escuadra e no cartabón.
B3.6.	EPVAB3.6.1.	CMCCT	Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.
B3.7.	EPVAB3.7.1.	CCEC	Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.
B3.8.	EPVAB3.8.1.	CMCCT	Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.
B3.9.	EPVAB3.9.1.	CMCCT	Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.
B3.10.	EPVAB3.10.1.	CCEC	Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales.
B3.12	EPVAB3.12.1.	CCEC	Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.
B3.13.	EPVAB3.13.1.	CAA	Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.
B3.16	EPVAB3.16.1.	CCEC	Clasifica correctamente calquera cuadrilátero.
B3.17	EPVAB3.17.1.	CAA	Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal.
B3.18	EPVAB3.18.1.	CCEC	Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.
B3.19	EPVAB3.19.1.	CMCCT	Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<b>Procedementos:</b> Análise das producións dos alumnos/as.
	<b>Instrumentos:</b> Producións plásticas. Rúbricas
<b>Cualificación final</b>	<b>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</b> Faráse a media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación. A realización das tarefas propostas no 3º trimestre servirá para subir ata un máximo de 2 puntos a nota media das anteriores avaliacións. Estes 2 puntos se dividirán proporcionalmente entre o número de tarefas propostas ao longo do trimestre. Ao alumnado que realice todas as tarefas de forma correcta sumaráselle estes 2 puntos á nota media das avaliacións anteriores.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Consistirá na realización dunha proba de carácter mixto que combine preguntas obxectivas, preguntas abertas, resolución de exercicios e problemas, e a realización de producións plásticas segundo as instrucións marcadas.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<b>Criterios de avaliación:</b> É imprescindible a realización e entrega das tarefas de reforzo e repaso propostas pola profesora.
	<b>Criterios de cualificación:</b> Cada tarefa realizada estará cualificada do 1 ao 10. Cada tarefa terá un peso proporcional na nota final da materia. As tarefas non entregadas obterán unha cualificación de 0.
	<b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Procedementos: análise das producións dos alumnos/as.</li> <li>• Instrumentos: producións plásticas, rúbricas.</li> </ul>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	As actividades propostas son fundamentalmente de recuperación, repaso e reforzo das aprendizaxes traballadas nas anteriores avaliacións.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	A metodoloxía será non presencial. As instrucións e os materiais de apoio precisos para a realización de cada tarefa colgaranse na aula virtual correspondente. No caso do alumnado sen conectividade faráselle chegar a través do servizo de fotocopias que oferta o concello. Manterase contacto periódico co alumnado a través do correo electrónico, vídeo conferencia e teléfono, para acompañar ao alumnado no desenvolvemento da tarefa e axudalo coas dúbidas e problemas que xurdan.
<b>Materiais e recursos</b>	Fundamentalmente recursos didácticos relacionados coas Tics: webs, recursos audiovisuais, gamificación, presentacións interactivas, etc... obtidos de internet e tamén elaborados pola profesora. Os materiais son os materiais gráfico-plásticos propios da materia.

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. A través dos medios de comunicación habituais dende que se decretou o confinamento: correo electrónico e tokapp.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.